



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 806 Semana do 5 ao 11 de novembro de 2018

UGT-GALICIA CHAMA Á PARTICIPACIÓN O DÍA 23 NA MANIFESTACIÓN NA MARIÑA POLA DIGNIDADE SINDICAL EN SARGADELOS

Basta xa de persecución sindical. Eu tamén son Rogelia Mariña. Readmisión dos despedidos

Redacción.- O vindeiro día 23 UGT convoca unha manifestación que sairá ás 13.00 horas de Cervo para rematar en Sargadelos pola dignidade sindical nesta histórica fábrica, en solidariedade con Rogelia Mariña e para demandar a readmisión dos traballadores e das traballadoras despedidas.

O Sindicato denuncia a situación na que está a fábrica de Sargadelos, unha empresa que forma parte da historia de Galicia e que é mesmamente un símbolo identitario. Hoxe está en mans dun empresario que impón dúbidas prácticas laborais e actúa baixo criterios e con actitudes afastadas de calquera sociedade democrática.

Rogelia Mariña sabe ben desta situación, leva 44 anos na fábrica e 30 sendo a cara visible de UGT na factoría. Coa entrada do actual administrador único de Sargadelos, que accede tras un longo período de crise da fábrica, todo cambiou. Do diálogo e negociación pasouse ao menosprezo, á obstrución da labor sindical e á persecución sindical.

Rogelia Mariña tivo que sufrir imposicións unilaterais de sancións, de suspensión de emprego e salario por parte deste empresario, que foron declaradas inxustificadas pola Xustiza. Un intento de despedimento no 2016, declarado nulo en primeira instancia, obrigando á empresa a readmitila e indemnizala. Pero nada disto impediu que Rogelia continuase a defender os intereses dos seus compañeiros.

O empresario utilizou todos os medios posibles para amedrentala, acusou a Rogelia e a UGT de ser causa dun quebranto á empresa dun millón de euros; e iniciou un proceso de despedimento de traballadores e traballadoras ameazando con pechar a empresa para obrigalos a recusar a Rogelia como delegada de persoal. O medo á perda do traballo levou a boa

BASTA DE PERSECUCIÓN SINDICAL EN SARGADELOS EU TAMÉN SON ROGELIA MARIÑA!

23N MANIFESTACIÓN 13:00 Desde CERVO ata SARGADELOS

parte dos seus compañeiros a asinar un bochornoso documento.

Non se pode permitir que en pleno século XXI existan administradores únicos con esta catadura moral, que chegou a despedir a unha parte importante dos traballadores coa única finalidade de dobregar a vontade de Rogelia.

Se Sargadelos é patrimonio cultural de todos os galegos, aínda se está a tempo de defender a dignidade dos seus traballadores e traballadoras e

deixar ben claro que a imposición e a persecución non son a alternativa ao diálogo e á negociación, e que UGT non vai consentir atopelos aos dereitos dos traballadores.

Por iso, para defender a dignidade de todos os traballadores e traballadoras de Sargadelos, dende UGT pedimos que apoiades a Rogelia Mariña fronte á persecución sindical do administrador único de Sargadelos acudindo á manifestación do vindeiro día 23.

A DEBILIDADE DO SISTEMA REFLÍCTESE CON EMPREGO TEMPORAL, ESTACIONAL E PRECARIO

103.484 contratos nun mes dan idea da alta rotación e precariedade no mercado laboral galego, sobre todo, se se ten en conta que tan só o 9,71% da contratación é indefinida



Redacción.- Os datos do paro publicados este luns polo Servizo Público de Emprego, correspondentes ao mes de outubro, amosan que o número de desempregados acadou as 169.744 persoas en Galicia, con 3.424 persoas máis que no mes anterior (un 2,1%, fronte ao 1,63% do resto do Estado), o que amosa que outubro é, como é habitual, un mes desfavorable para o emprego, debido a que finaliza a temporada vacacional. No ano o desemprego baixou un 8,7% (16.159 persoas menos).

Estes datos reflicten, para UGT-Galicia, a debilidade do sistema produtivo, baseado en actividades estacionais, moi ligadas ao trimestre do verán.

Tampouco se pode esquecer que, detrás do aumento da ocupación (23.294 afiliados máis nun ano), séguese atopando un elevado nivel de emprego precario, temporal e parcial, só o 9,71% dos contratos foron indefinidos.

Precariedade no emprego pero tamén no desemprego

Para UGT-Galicia, resulta prioritario reforzar a protección das persoas, mellorando a cobertura das prestacións por desemprego. Así, a taxa de cobertura sitúase no 52% en Galicia, fronte ao 56,6% estatal, ofrece protección a 78.734 traballadores e deixa fóra do sistema a 87.586 persoas, tendo en conta tanto aos que teñen dereito a cobertura como aos que non o xeraron previa-

mente.

Pero é que tan só 35.373 persoas son beneficiarias dunha prestación por desemprego de carácter contributivo, tan só o 45% do total, o que indica unha gran precariedade na cobertura por desemprego, e cun importe medio de 785,5 euros ao mes. A gran maioría da cobertura dos desempregados é de carácter asistencial, ben sexa un subsidio (34.754), renda activa de inserción (7.947 persoas) ou programa de activación de emprego (660 persoas).

Urxe o deseño dun verdadeiro plan de choque polo emprego, acordado entre o Goberno e os interlocutores sociais, con recursos adicionais para as políticas activas de emprego, porque é moi necesario mellorar a empregabilidade e inserción das persoas desempregadas, sobre todo, dos máis mozos e os maiores de 50 anos.

Ademais, nun marco máis amplo, resulta fundamental mellorar a calidade no emprego e das rendas do traballo, nun contexto de avance das cifras macroeconómicas, para lograr un crecemento equilibrado e sostible.

Afondando máis nas cifras feitas públicas este luns, por sexos, no mes de outubro deuse unha peor evolución do desemprego entre os homes, onde medrou nun 3,4%, fronte ao 1,12% no caso das mulleres. Aínda así, a brecha no desemprego segue a está aí, o 58,2% do total das persoas desempregadas en Galicia son mulleres, 71.014 homes, fronte a 98.730 mulleres.

Entre os menores de 25 anos o desemprego medrou no mes nun 7,55%, evolución moito máis acusada que no conxunto de idades.

Por sectores, o paro medrou considerablemente no primario (15,47%); en servizos (2,27%) e na industria (1,11%). Pola contra, caeu na construción (0,98%) e no colectivo de sen emprego anterior (0,22%). En termos anuais baixou en todas as actividades.

En relación á contratación, destaca que só no mes de outubro asináronse en Galicia 103.484 contratos, unha cifra certamente elevada para as dimensións do mercado laboral pero que, como ten sucedido outros meses, amosa unha alta rotación na contratación e unha escasa consolidación destes máis de 100.000 contratos. Así, a contratación medrou no mes nun 6,89%. Pero é que a contratación temporal medrou nun 7,5% e a indefinida tan só nun 1,56%. A porcentaxe de contratación indefinida é de tan só 9,71 puntos e, aínda así, é máis elevada que no resto dos meses porque a contratación temporal trala temporada de verán diminúe tanto que distorsiona calquera estatística.

O número total de persoas afiliadas/cotizantes á Seguridade Social é de 1.013.198 no mes, caendo en 690, evolución contraria ao resto do Estado onde medrou. Galicia aínda está moi afastada dos niveis de cotizantes previos á crise e cun claro acento de estacionalidade e temporalidade.

O CONGRESO DE FICA-GALICIA REXEITA O PECHE DE ALCOA, DENUNCIA A PERSECUCIÓN SINDICAL EN SARGADELOS E APOIA A FOLGA EN ELABORADOS DO MAR

Redacción.- A Federación galega de Industria, Construción e Agro celebrou onte en Teo o seu Congreso Extraordinario no que elixiu a Comisión Executiva que dirixirá o rumbo desta feración nos vindeiros anos.

Como secretario xeral foi elixido Javier Carreiro; ao fronte da Secretaría de Organización estará Jesús M^a Calvo; Ángeles González será a secretaria de Administración.

Política sindical e coordinación de área externa será xestionada por Felipe López e Pablo Galiñanes estará ao fronte de Política social, igualdade, saúde laboral e medio ambiente. A responsable do sector de Alimentación, bebidas e tabacos será Manuela Allo; Santiago González do de Construción e materiais de construción; Nicasio Pena do Enerxético; Miguel Ángel Godoy do de Industria automovilística; Paula Alves do Químico, téxtil e artes gráficas; Fernando López do de Material de transporte, electricidade e TIC; e Eladio Quelle de Siderurxia, transformación, metais e obtención de materias primas.

O Congreso aprobou tres resolucións de urxencia, unha referida a Sargadelos, outra a Alcoa e unha terceira ao conflito no



sector de elaborados do mar.

En Sargadelos denunciouse a persecución sindical que se vive, amosaron o seu respaldo á compañeira Rogelia Mariña e instaron á participación na manifestación que terá lugar o día 23 na Mariña.

O Congreso tamén rexeitou o peche de Alcoa, demandou o mantemento dos postos de traballo, unha solución para o futuro dos sectores electrointensivos que pasa por novas políticas enerxéticas e amosou a súa solidariedade cos traballadores da factoría coruñesa e coas súas familias

nestes difíciles momentos.

No Congreso celebrado onte tamén se aprobou unha resolución relativa ao conflito que se está a vivir no sector de elaborados do mar coa negociación do convenio colectivo. Trátase dun sector con altas taxas de precariedade tanto dende un punto de vista salarial como nas condicións de traballo. Algo que se pide mellorar no proceso negociador pero de fronte os traballadores só se atopan coa cerrazón da patronal. Isto levou aos sindicatos a convocar unha folga indefinida a partir do día 15 á que o Congreso lle da todo o seu apoio.

A XUSTIZA DECLARA IMPROCEDENTES CINCO DESPEDIMENTOS EN ZARA E RECOÑECE FRAUDE NA CONTRATACIÓN

Redacción.- A Xustiza ven de declarar como improcedentes cinco despedimentos en Zara Coruña, recoñecendo así a fraude na contratación que FeSMC xa viña denunciando dende hai tres anos.

Inicialmente, puxemos en coñecemento da empresa esta situación, tanto ao seu departamento de recursos humanos como ao seu departamento xurídico laboral. A empresa non quixo negociar. A mediados de 2017 decidimos poñer en coñecemento da Inspección de traballo ditas irregularidades, temendo que a empresa finalice algúns contratos e non os volva a chamar como pasara nalgunha ocasión. A principios de 2018 a Inspección de traballo insta á empresa a transformar 38 contratos eventuais en indefinidos, considéraos fraudulentos, tal e como nós manifestáramos na nosa denuncia.

Para UGT, conseguir a transformación de 38 traballadoras de contrato eventual a indefinido dun golpe foi unha gran conquista pero coa situación existente nas ten-

das ZARA, insuficiente. Ao noso entender existía máis persoal con contratos eventuais fraudulentos.

A empresa, despois do requirimento da Inspección, empezou a finalizar contratos que estaban en fraude para evitar transformalos en indefinidos. Puxémonos en contacto cos traballadores afectados para que denunciasen, poñendo os nosos servizos xurídicos á súa disposición, non todos quixeron denunciar pero si algúns.

Meses despois, o xulgado corrobora o que xa dicíamos. Nas cinco sentenzas que acaban de saír o xulgado ve unha clara fraude na contratación, condeando a ZARA a readmitir ás traballadoras ou indemnizalas como despedimento improcedente. Aínda que o xulgado dá nos a razón, o noso obxectivo era a readmisión, algo ao que Inditex negábase, a empresa recoñece que son persoas válidas, pero prefere despedilas e seguir con contratos precarios.

A modalidade de contratos fraudulentos permítelle a Inditex ter traballadores sen calendarios laborais estables e distintos aos do persoal indefinido, sen vacacións, menor salario, debido a que non acumulan antigüidade (plus de permanencia, 263,4€/ano cada cuadrénio) e sen esixir os seus dereitos por medo a non ser renovado.

ZARA segue cometendo fraude na contratación. Agora a fraude non é individual (por persoa) é por posto de traballo. Por poñer un exemplo: desde o 1 de outubro ata a data Zara na provincia da Coruña realizou máis 150 contratacións e prórrogas de contratos (todos eventuais) e máis de 150 ampliacións de contrato (ampliacións temporais de horas nos contratos a tempo parcial). É evidente que Zara precisa máis persoal indefinido.

Para FeSMC, a non readmisión das traballadoras, que recoñecen como válidas, é unha decisión caprichosa, que carece de argumentos.

OS TRABALLADORES DAS AUXILIARES DE NAVANTIA RATIFICARON O ACORDO PARA INCLUIR AS SÚAS NOVAS CONDICIÓN LABORAIS E SALARIAIS NO CONVENIO PROVINCIAL

Redacción.- Os traballadores das auxiliares de Navantia veñen de ratificar nas asembleas o preacordo ao que chegaron FICA-UGT, xunto cos outros sindicatos do sector, e a parte empresarial para incluír e unificar as súas novas condicións laborais e salariais no convenio da provincia da Coruña de siderometal. Isto suporá ter xa un marco legal unificado que beneficiará a máis de 2.000 traballadores das auxiliares dos estaleiros da ría de Ferrol.

O acordo será incorporado con carácter inmediato como disposición transitoria ao convenio colectivo provincial e, unha vez se publique no BOP, os traballadores

comezarán a desfrutar das melloras, como incrementos salariais que nalgúns casos poden supoñer ata 900 euro anuais. Pola súa banda, as empresas comprométese a constituírse en asociacións sectoriais coas que os sindicatos terán que rubricar o acordo, que será entón incorporado como disposición definitiva ao convenio.

Os traballadores percibirán a partir do 1 deste mes o 40 % das novas actualizacións salariais; o 1 de xaneiro pasarán a cobrar xa o 70 % e a finais dese mesmo exercicio o 100 %.

Trátase dun acordo histórico, xa que



por primeira vez poderá ser incluído no convenio provincial. María Palacios, de FICA-UGT, congratulouse por ter conseguido “o que se creía imposible hai un ano, que era a legalización deses acordos, contar cun marco legal, que é o que se necesitaba”. Tamén incidiu en que, para a comarca, “que hoxe no haxa unha folga do sector é moi importante”.

OS TRABALLADORES DE CORREOS PARAN HOXE TRES HORAS E PARTICIPAN NUNHA CONCENTRACIÓN EN SANTIAGO

Redacción.- Hoxe os traballadores de Correos de toda Galicia están chamados a secundar paros parciais de tres horas e a participar nunha concentración en Santiago ante a Dirección de Zona de Correos, na rúa do Franco, a partir das 13.30 horas.

Na concentración farase entrega dun

documento coas propostas dos traballadores de Correos en aras de que o novo Goberno e a Dirección de Correos garantan o financiamento do Servizo Público Postal, a súa calidade e un novo acordo laboral que incorpore melloras no eido salarial, en materia de emprego e dereitos.

As organizacións sindicais insisten en que a concreción destas reivindicacións é o único medio para resolver o conflito aberto. Do contrario, as mobilizacións continuarán e intensificaranse nos vindeiros meses, nos que xa están convocadas tres xornadas de folga os días 30 de novembro e 21 e 26 de decembro.

AS EMPRESAS GAÑAN, OS SALARIOS PERDEN

Redacción.- A información de salarios por deciles de poboación que ofrece a Enquisa de Poboación Activa (EPA) referida ao ano 2017, que publicou esta semana o INE, vén ratificar, unha vez máis, o que mostran desde hai moito tempo todas as fontes estatísticas relativas a salarios no noso país: que, a pesar de que levamos cinco anos de crecemento económico, os salarios non se están beneficiando desta situación de bonanza.

Os datos de 2017 mostran que o salario medio aumentou nese ano tan só un 0,7%, cando o IPC aumentou un 2%. É dicir, que os salarios perderon 1,3 puntos porcentuais de poder de compra, acumulando unha perda total desde 2009 de 5,5 puntos. Outras enquisas reflicten perdas de maior contía, como o Índice de Prezos do Traballo, que con datos ata 2016 reflicte unha caída dos salarios reais do 10%. A conclusión, sexa cal sexa a estatística elixida, é a mesma: os traballadores e as traballadoras non se están beneficiando da expansión económica que si se está traducindo con todo nuns moi cuantiosos beneficios para as empresas.

A información por deciles mostra tamén que a dispersión salarial non se está reducindo, posto que o 10% de persoas asalariadas con peores retribucións viron como os seus salarios nominais crecían en 2017 só un 0,4%, inferior ao 0,6% de media total, e moi por baixo do 1,4% que aumentaron os soldos do 10% de traballadores con maiores niveis retributivos. Incluso os asalariados que se atopan nos deciles do 4 ao 6, é dicir, na parte media da escala retributiva, viron como os seus salarios reducíanse en 2017 en termos nominais. É dicir, que os salarios apenas crecen, e ademais o fan menos aqueles de quen máis o necesitan.

Isto reforza a recomendación que os sindicatos UGT e CCOO incluímos no IV AENC para que os salarios mínimos de convenio sexan polo menos de 1.000 euros ao mes antes de 2020, o que debería trasladarse con urxencia a todas as empresas.

Brecha salarial de mulleres e traballadores temporais

A información da EPA reflicte tamén que, a pesar de que se reduciu algo máis dun punto respecto da diferenza existente en 2016, os traballadores e as traballadoras con contrato temporal (que lembremos que son máis da cuarta parte do total) gañan un 35,6% menos de media que aqueles que posúen un contrato indefinido. Esta é unha das cuestións que fai que a contratación temporal sexa excesiva no noso país, e que as empresas abusen da mesma en manifesta fraude de lei. Por iso é urxente a aprobación de actuacións para reducir esta inxustificada dualidade laboral.

Así mesmo, os datos feitos públicos reflicten que a brecha salarial da muller incrementouse en 2017 respecto da existente un ano antes, pasando do 20% ao 20,2%. Unha situación insustentable, que fai que sexa urxente a adopción en todas as empresas de plans de igualdade e a aprobación, dunha vez por todas, dunha Lei de Igualdade Salarial que elimine esta discriminación estrutural do noso mercado laboral.

10 PROPOSTAS PARA RECUPERAR 10 ANOS DE RECORTES

Redacción.- O Cume Social Estatal, formado por máis de 120 organizacións sociais e sindicais, presentou esta semana no Congreso dos Deputados o seu balance sobre os dez anos de crise e recortes sociais e as súas propostas para recuperar e ampliar o estado de benestar.

Por parte da Unión Xeral de Traballadores interveu a secretaria confederal, Adela Carrió que lembrou que o cume “creouse hai dez anos para esixir un cambio de políticas que permitise saír da crise que xa viñamos sufrindo en 2008. Desde o inicio da crise fóronse adoptando medidas que desregularon os dereitos e o estado de benestar. Priorizaron cadrar as contas públicas e o déficit ás persoas”.

“Para combater isto”, sinalou, “o Cume Social sempre estivo activo, presentando declaracións sobre a esixencia dunhas políticas adecuadas para reverter todos aqueles dereitos que se nos foron recortando e mobilizando a miles de cidadáns e cidadás. Todo se xustificou coa crise e, realmente, quen perdeu foi a cidadanía”.

Por iso, “no último plenario do Cume detectamos que era moi importante facer unha análise de que pasara na sociedade nestes dez anos. De aí saíu o documento

“Unha década perdida. Análise de 10 anos de recortes”, que analiza o impacto da crise e denuncia as políticas que durante estes anos erosionaron o noso estado de benestar, arrastrando a miles de familias á pobreza, deteriorando os servizos públicos e recortando dereitos e liberdades coa excusa da crise”.

E un segundo documento, que recolle “10 propostas para recuperar 10 anos de recortes”, medidas que, segundo Adela Carrió, “son imprescindibles para reverter as desigualdades sociais e alcanzar un estado de benestar socialmente xusto e igualitario, cuns dereitos sociais básicos garantidos e protexidos polos poderes públicos”. Sobre todo a perda de estado de benestar, que arrastrou a miles de familias á pobreza, que deteriorou os servizos públicos, recortou dereitos e liberdades coa excusa da crise.

Neste sentido, o Cume Social propón medidas relacionadas co emprego digno e de calidade; protección social universal; pensións dignas; sanidade pública e universal; educación de todos e para todos;



unha política fiscal para acabar coas desigualdades; calidade de vida digna; xustiza e liberdades públicas; unha sociedade igualitaria e sen discriminación e un aumento e mellora da cooperación, a inmigración e o refuxio.

“Trasladamos estes documentos aos grupos políticos porque queremos que sirvan de guía tanto para a confección final dos Orzamentos Xerais do Estado (PXE) para 2019, como para as eleccións municipais do ano que vén”, afirmou Adela Carrió, “co fin de que se teñan en conta as necesidades máis perentorias da sociedade e resólvanse os seus problemas nesta fase de expansión económica”.

O DECRETO DO GOBERNO SOBRE IMPOSTOS HIPOTECARIOS, PRIMER PASO NA PROTECCIÓN AOS CIDADÁNS

Redacción.- UGT valora a aprobación en Consello de Ministros do Decreto polo cal se modifica a normativa reguladora do Imposto de Actos Xurídicos Documentados (IAJD), que fará recaer na entidade bancaria a obrigación de pago do mesmo ao ser a principal beneficiaria de que ese préstamo con garantía hipotecaria inscribese no correspondente rexistro. Esta medida vai en liña coas reivindicacións do sindicato. Este é un primeiro paso na protección do cidadán pero que resulta insuficiente e que se ten que desenvolver nunha nova Lei hipotecaria máis garantista.

De igual maneira, vemos necesario o feito de que vaia a crear unha “autoridade independente” que vele pola protección, de maneira áxil e eficaz, polos dereitos de consumidores e usuarios financeiros, dada a escasa ou nula eficacia dos actuais reguladores: Banco de España e a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia.

Consideramos oportuno devandito anun-

ciado, o cal demostra unha gran sensibilidade social por parte do actual Goberno a favor de tantos e tantos cidadáns e traballadores que se verían abocados a ter que soportar dita carga. Iso viría corrixir o recente fallo do Tribunal Supremo, contrario aos intereses da maioría da sociedade e a favor do sistema financeiro, poñendo con iso en cuestión a independencia xudicial e o principio de igualdade ante a lei.

O sindicato confía en que a anunciada subida de tipos de interese non se traslade aos futuros clientes que vaian pedir un préstamo hipotecario, pois iso incidiría na imaxe reputacional, xa de por si depauperada, das entidades crediticias. Desde UGT, estaremos atentos á tramitación do futuro Decreto en sede parlamentaria, confiando en que o seu



contido se mellore (posibilidade de efectos retroactivos) e que se incorpore o seu contido á futura Lei Hipotecaria, cuxa tramitación no Parlamento está a demorarse enormemente.

Por último, o sindicato insta á cidadanía a que participe nas diversas mobilizacións que se van a celebrar o vindeiro sábado en contra do fallo do Tribunal Supremo, ante as diversas sedes xudiciais, para mostrar a súa indignación ante tal resolución.

A FORMACIÓN, CLAVE PARA ATENDER ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Redacción.- A vicesecretaría xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, inaugurou a 3ª Conferencia de Muller, organizada pola Federación de Empregados e Empregadas dos Servizos Públicos de UGT (FeSP-UGT), onde subliñou a importancia de formar aos traballadores e traballadoras do sector público en materia de igualdade para que poidan atender e protexer ás vítimas de violencia de xénero.

“Hai que redobrar os esforzos e o compromiso de todos e todas as sindicalistas de UGT, e de toda a sociedade contra a violencia de xénero así como adoptar as medidas necesarias e contar con recursos adecuados para erradicar esta secuela e, neste sentido, tamén debemos actuar desde o ámbito laboral, atendendo á especial situación que viven as vítimas e promovendo protocolos e actuacións específicas”.

Cristina Antoñanzas subliñou que “é imprescindible ter en conta, por unha banda, a especial situación das mulleres traballadoras vítimas de violencia de xénero que fai necesario un tratamento normativo específico en canto a dereitos laborais e, por outro, que as mulleres tamén sofren violencia no traballo, cuxas manifestacións máis frecuentes son o acoso sexual e o acoso por razón de sexo”.

“Por iso, son fundamentais políticas activas de emprego eficaces que permitan ás mulleres vítimas de violencia de xénero acceder ao mercado laboral e a empregos de ca-

lidade pero tamén medidas específicas como un permiso retribuído de dous meses, campañas institucionais de sensibilización e formación no ámbito laboral, recoñecemento de dereitos laborais para as vítimas de acoso sexual e acoso por razón de sexo ou a obrigação de implantar nas empresas medidas de prevención e protocolos contra o acoso sexual e o acoso por razón de sexo”, engadiu.

Dar prioridade aos plans de igualdade na negociación colectiva

Antoñanzas lembrou que “durante os anos da crise, a prioridade de afrontar os desafíos económicos utilizouse como escusa para relegar as políticas de igualdade de xénero ou facelas prescindibles, de maneira que as políticas de recortes no gasto público, especialmente nos ámbitos de educación, sanidade e servizos sociais, foron especialmente gravosas para as mulleres, principal man de obra nos devanditos sectores”, destacou.

“Ao mesmo tempo”, afirmou, “esas políticas supuxeron un recorte nos servizos públ-



cos de asistencia e sanidade, empuxando cara unha reprivatización dos mesmos e ao retorno aos roles de xénero tradicionais, de forma que as tarefas de cuidados e atención das responsabilidades familiares están a volver a recaer sobre as mulleres”.

Neste sentido, a vicesecretaría xeral de UGT subliñou que “o logro da igualdade efectiva entre mulleres e homes ten que ser un obxectivo prioritario no noso día a día e por tanto é necesario telo en conta na negociación dos convenios colectivos, dos plans de igualdade e na nosa acción sindical nos centros de traballo”.

“De non facerse así, a situación de desigualdade pode empeorar aínda máis, colocando ás mulleres nunha posición máis precaria e vulnerable no mercado de traballo e en consecuencia no resto de ámbitos da súa vida social, económica e persoal”.

UGT QUERE QUE O PROCESO DE DIÁLOGO SOCIAL TEÑA DATA LÍMITE

Redacción.- O proceso de diálogo social non se pode eternizar, hai que poñer data para acabar o proceso, manifestou o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, na clausura das Xornadas confederais de negociación colectiva organizadas polo Sindicato en Madrid para establecer obxectivos e estratexias para a negociación dos convenios colectivos do próximo ano.

Segundo Álvarez, “só hai unha maneira de saber se se quere negociar ou non, que é delimitando o tempo. E unha segunda cuestión é que, o que se poida aprobar pola vía do real decreto, fágase, aínda que logo haberá a posibilidade de tramitación como proxecto de lei e preséntense emendas”.

“Creo que os bolivarianos son os que impiden na Mesa do Congreso dos Deputados que leven as cousas ao Pleno –afirmou Pepe Álvarez-, porque saben que no Pleno hai unha maioría diferente. É un uso ilexítimo da maioría da Mesa para impedir

que o Pleno vote, e iso xustifica cambiar cousas vía real decreto. Porque, por primeira vez na historia do noso país, hai unha Mesa do Congreso que non respecta a maioría da vontade popular, que non está reflectida na Mesa, senón no Pleno, e non é moi democrático que a Mesa se cuestre a vontade do Pleno”.

Respecto á situación actual do diálogo social, o secretario xeral de UGT sinalou que “non imos renunciar de ningunha das maneiras á derogación da reforma laboral. Pero ninguén entendería que desaproveitémos o momento no que estamos para non abrir un proceso de negociación que cambie aspectos centrais da reforma laboral do Partido Popular, por iso non renunciamos á negociación”.

Algúns deses cambios afectarían a elementos básicos da negociación colectiva, como a prevalencia dos convenios de sector sobre os de empresa, a ultractividade dos convenios, a recuperación da

autorización administrativa para os descuelgues ou unha nova formulación do artigo 42 do Estatuto dos Traballadores sobre a subcontratación de actividades que protexese aos traballadores. “A temporalidade –segundo Álvarez- e os contratos a tempo parcial son outras das cuestións que están sobre a mesa” pero as propostas do Goberno ata o momento son xenéricas e de aplicación vía Inspección de Traballo e vía xudicial. Respecto á recuperación do contrato de substitución, a posición de UGT é que sexa de aplicación en todos os sectores de actividade, que se estenda ao conxunto dos traballadores.

Fixo un chamamento aos responsables da negociación de convenios do Sindicato para facer efectivo o acordo coa patronal para subir os salarios mínimos a 1.000 euros, así como a enriquecer a negociación colectiva con materias como control da sinistralidade, loita contra a brecha de xénero, loita contra a discriminación...